

# OS ANTECEDENTES E O PAPEL DE FRAGUAS NA ARQUEOLOXÍA DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

BACKGROUND AND FRAGUAS' ROLE  
IN THE ARCHAEOLOGY OF THE SEMINAR OF GALICIAN STUDIES

Francisco Calo Lourido  
Real Academia Galega  
Museo do Pobo Galego

**Resumo:** Faise un percorrido pola historia da arqueoloxía galega desde os inicios ata o Seminario de Estudos Galegos, destacando a importancia de autoridades como Sarmiento e Cuevillas. Desenvólvese e analízase o papel de don Antonio Fraguas neste eido da investigación en Galicia.

**Abstract:** The article explores the history of Galician archaeology from its origins to the Seminar of Galician Studies, emphasising the importance of authorities such as Sarmiento and Cuevillas. The role of Fraguas Fraguas in this field of the research in Galicia is developed and analysed.

**Palabras chave:** Antonio Fraguas, Florentino López Cuevillas, arqueoloxía, romanticismo, dolmen, castro, Seminario de Estudos Galegos.

**Key words:** Antonio Fraguas, Florentino López Cuevillas, archaeology, romanticism, dolmens, *castros*, Seminar of Galician Studies.

Talvez por ocupar o recuncho máis occidental de Europa, todas as xentes, as ideas, técnicas e coñecementos que nos chegaban procedían, necesariamente, dun oriente máis ou menos próximo ou afastado. Habitamos no territorio no que mellor se cumpre que *Ex Oriente lux*. A primeira nova que entrou aquí procedente do oeste foi, en 1493, cando os mariñeiros da Pinta comunicaron en Baiona que había terras e xentes máis alá do Mar Tenebroso; principiabamos a deixar de ser o Fisterra absoluto. Esta situación de *cul de sac* motivou que, aquí,

ata a globalización actual, todo chegase cun certo atraso, o que foi forxando nos galegos a idea, non sempre certa, de que fóra sabían máis e ían máis adiantados ca nós nas diferentes técnicas. Podo aceptar que en Galicia –e outro tanto podería dicir do norte de Portugal– non fomos pioneiros nin en coñecementos sobre a prehistoria europea, nin en metodoloxías, nin en métodos, nin en técnicas de escavación arqueolóxica. Non implica isto que non houbera, desde moi cedo, algún investigador curioso e esperto que, sempre á marxe das institucións académicas, coñecese os avances producidos alén dos nosos lindeiros e os empregase para ir debuzando o caos magmático que envolvía os nosos tempos máis recuados.

O feito de, noutras ocasións, me ter ocupado deste asunto foi a razón de ser invitado a participar nesta mesa redonda sobre “A Prehistoria e arqueoloxía galegas desde os tempos de Antonio Fraguas á actualidade. Novas orientacións”, encargándoseme o título que encabeza esta colaboración. Obrígame iso a repetir unha serie de datos e argumentos, tendo que recorrer ás inevitables autocitas.

Hoxe, calquera cativo sabe que houbo unha Idade da Pedra, subdividida en Paleolítico e Neolítico, logo unha Idade do Bronce e, a continuación, outra do Ferro. E aí xa entra Roma. Sendo isto tan coñecido, todos temos a impresión de que xa se sabía desde “tempos inmemoriais”, por empregar a fórmula xurídica da Idade Moderna, cando ata o tan próximo –para os historiadores– 1865 non se coñecía tal división, feita polo banqueiro e político inglés Lubbock, baseándose no “Sistema das tres Idades” (Pedra, Bronce e Ferro) enunciado en 1774, polo escandinavo Suhm. En 1881, Gabriel de Mortillet, ao tempo que comezou a dividir as pezas por semellanzas, foinas adscribindo a novas subdivisiones, iniciándose así unha incipiente ciencia prehistórica que se deu en chamar “método comparativo”.

Un ano antes, en 1880, este científico, o mesmo que os máis sobranceiros investigadores e anticuarios europeos (Henri Martin, Virchow, Guimet, Cartailhac etc.), participou na IX Sessão do Congreso Internacional de Antropología e de Arqueología Pré-históricas celebrada en Lisboa. Foi aí onde Émile Cartailhac, seguido por Mortillet, acusou de falsarios ao descubridor de Altamira, Marcelino de Sautuola, e ao seu defensor Juan Vilanova y Piera, catedrático de Paleontoloxía. Anos despois escribiría aquel o “*Mea culpa d’un sceptique*”. Aproveitando a estancia en Lisboa, aceptaron a invitación de se trasladar a Guimarães para ver o que Martins Sarmiento estaba a descubrir na Citânia de Briteiros e no castro de Sabroso. Quedaron impresionados aqueles sabios europeos, escribindo Cartailhac: “Je voudrais passer ici au moins une semaine” (Cardozo 1947: 72-73), publicando, uns anos despois, un longo traballo sobre Briteiros e Sabroso, no que aclara que só quere mostrar o enorme interese das descubertas de Sarmiento nunhas escavacións “habilement

conduits”, pois quen ten que publicalas, “dans un ouvrage digne d’elles e de lui”, é o seu descubridor (Cartailhac 1886: 293).

Incide no mesmo Hübner, engadindo, na correspondencia que cruzou con Sarmiento, que debería publicar os resultados “à la Schliemann e em Francês sendo possível” (Cardozo 1947). Este ilustre profesor da universidade de Berlín xa publicara o tomo II do *Corpus Inscriptionum Latinarum* correspondente á Península Ibérica (Hübner 1869); en 1881, percorreu as provincias galegas e Portugal para completar materiais para o suplemento do CIL (Hübner 1892), aproveitando a ocasión para visitar a Sarmiento e a Citânia, sobre a que, sen vela, xa fixera unha publicación (Hübner 1879), o que indica o impacto e o interese que as escavacións de Sarmiento estaban a ter nos medios científicos europeos. Non esquezamos que Schliemann descobre Troia en 1871, os alemáns encetan as escavacións en Olimpia, Marcelino de Sautuola as de Altamira e Martins Sarmiento as de Briteiros en 1875, tendo que agardar a 1880 para que Flinders Petrie inicie os traballos en Exipto e 10 anos máis para que Evans o faga en Cnossos (Calo 1993: 26). Hai unha coetaneidade no arranque das investigacións das grandes culturas e a castrexa vai xunto con elas, entrando de cheo no interese internacional, por dicilo con verbas de Cardozo (1930: 18-19). Xa moito antes, publicara Hübner un artigo sobre as estatuas de guerreiros galaicos, ás que, acertadamente, chamou así e non lusitanas, como aínda hoxe escoitamos e lemos a algúns (Hübner 1861).

Martins Sarmiento foi un adiantado na práctica arqueolóxica, mais os seus traballos foron moitos anos ignorados pola comunidade científica galega. Nótese que nin á IX Sessão de Lisboa, nin á reunión científica de Guimarães, do ano 1880, asistiu ningún representante de Galicia. Cómpre non perder de vista que unha cousa é a historia e os que a ela se dedican e outra a arqueoloxía e os seus practicantes; en Galicia non houbo arqueólogos, *stricto sensu*, ata o século XX; antes houbo historiadores, cronistas... que constataron, nos seus escritos, a presenza de “monumentos” e de pezas indefinidamente antigas. O que non houbo foron arqueólogos, como foi Sarmiento en Portugal, que procurasen estudar o pasado, escavando xacementos. Obviamente, non podemos incluír nesta categoría a depredadores de quiméricos tesouros ao estilo do licenciado Vázquez de Orxas, dedicado a estragar mámoas, con licenza do rei Felipe III, para extraer o ouro das tumbas dos “xentiles galigrecos”. Aquí falamos de escavacións, máis ou menos científicas, conforme os métodos usuais das respectivas épocas.

Podemos enumerar unha serie de nomes de maior ou menor relevo que hai que considerar á hora de elaborar unha historiografía, mais repetindo que non se trata de arqueólogos, aínda que os seus escritos puideron influír, máis ou menos, nos escavadores iniciais. Eu mesmo teño manexado, hai ben anos, a obra de Mauro Castellá Ferrer de 1610 (cando as desfeitas de Vázquez de Orxas), ao

ocuparme do castro de Francos ou Lupario (Calo 1991: 259-261). Xa no século XVIII, podemos citar os ilustrados Seguín, Sarmiento, Sobreira, Cornide, Huerta ou Flórez. Sobre eles escribín:

Nos anteriores autores, moi na liña de todos os libros de viaxes e crónicas descriptivas de Europa e América, xerme da actual etnoloxía, hai xa unha tentativa de asignar pobos concretos e de procurar unha filiación aos monumentos que citan ou describen. E estes pobos van ser romanos, gregos e, en menor medida, púnicos, se ben xa se encozema a apuntar a importancia do elemento céltico (Calo 1993: 31).

No século XVIII, temos a Ceán Bermúdez, quen, igual que Huerta y Vega, segue textualmente a Castellá.

No século XIX, ao ritmo que os exércitos napoleónicos espallan o neoclasicismo, desde Inglaterra e Centroeuropa esténdese, como reacción, o romanticismo. A rebeldía romántica levou á reivindicación do propio e/ou ao reforzamento do sentimento de nación, cuxa orixe se procura na Idade Media ou na Prehistoria, esforzándose por atopar uns antepasados míticos de renome. Galicia non foi allea a este sopro nacionalista e os historiadores que aquí tivemos no século XIX estaban inmersos nesa corrente, nesa concepción historiográfica que procuraba as raíces do noso pobo e que procedía daquela idea de Herder de que cada nación...

ten un xeito de ser único e distinto. Hai algo que as distingue necesariamente, e ese algo, explícito, en 1774, no seu *Auch eine Philosophie der Geschichte der Menschheit* (“Outra filosofía da historia da humanidade”) será o *Volkgeist*, que podemos traducir por espírito do pobo, por xenio nacional. Segundo Herder e o idealismo alemán, as nacións son un fenómeno inconsciente e involuntario, son algo obxectivo vivificado por esa alma, ese espírito que transita por elas ó longo dos séculos e mantén o corpo nacional. O *Volkgeist* maniféstase nas tradicións dos iletrados, no “saber do pobo”, no *Volkskunde* ou folclore (Calo 2003: 14).

A influencia teórica alemá sobre a idea de nación entre os nosos devanceiros non deixa dúbida nas verbas de Vicente Risco, pai da Teoría do Nacionalismo, cando, describindo o *Sammlung für deutsche Volkskunde* (Colección de folclore alemán) no seu *Mitteleuropa*, conclúe que a alma rural é “protoplasma e protoforma a un tempo de toda cultura” (Risco 1984: 210).

Entre os primeiros que foron engaiolados pola procura duns antepasados míticos para o pobo galego temos que citar a José Verea y Aguiar, iniciador, en 1838, dunha

historiografía alicerzada nos dereitos históricos de Galicia, así como introdutor, cuns moi curiosos argumentos teóricos, do seu compoñente céltico. Foi seguido, sen crítica, por Martínez Padín e, xa cunhas invencións abraiantes, por Vicetto e, cunha explícita declaración de celtismo, por Fernando Alonso Fulgosio. E podemos seguir o relatorio con Saralegui y Medina, Barros Sivelo e mesmo Villaamil, formado na Escola Superior de Diplomática de Madrid e coñecedor, por tanto, da metodoloxía (romántica) da época. A este último hai que consideralo, xunto con López Ferreiro, “formado no mesmo centro madrileño, o introdutor en Galicia do método baseado na análise do documento escrito e da fonte arqueolóxica” (Calo 1993: 33). Malia o título, non debe confundirnos o manual *Lecciones de arqueología sagrada* que López Ferreiro, profesor, cóengo e historiador, publicou en 1889 para servir ao ensino dos futuros sacerdotes e que foi utilizado en diferentes seminarios españois, pois, para el, “Arqueología es aquella rama de la Historia que estudia, examina y describe los antiguos productos no solo de las Bellas Artes propiamente dichas, sino también los de la Industria en lo que puedan tener de artístico” (1889: 5-6). É, por conseguinte, unha historia da arte. O que el pretendía era facer o estudo da Igrexa compostelá, e para iso publicaría:

miliarios, aras, cerámicas, laudas en estola, treitos de vías romanas, tentativas de localización de mansións, desde Asseconia a todas as da aínda hoxe incerta *per loca marítima*, así como canto considerou relacionado coa translación e co sepulcro do Apóstolo (Calo/Soeiro 2017: 493).

Nos autores citados:

aparecen mesturados iberos e celtas, especialmente estes últimos, que o mesmo fan castros que túmulos, dolmens e menhires, aínda que as dúbidas que teñen os historiadores son tantas que unhas veces, seguindo ao P. Sobreira, son os romanos os que fan os dolmens, outras os castros, ou, se cadra, os primeiros foron feitos por xentes anteriores aos celtas e o mesmo eran tumbas como podían ser habitacións (Calo/Soeiro 2017: 492).

Manuel Murguía, encuadrable na mesma corrente romántica que os anteriores, preocupouse de coñecer “la marcha de las ciencias históricas en Europa” e situouse “ó nivel da mellor historiografía española coetánea ou lixeiramente anterior (especialmente a de Modesto Lafuente)” (Beramendi 2007: 173). Manexaba Murguía a bibliografía europea e coñecía o que Sarmiento andaba a facer en Sabroso e na Citânia, como vemos cando fala de “los trabajos de nuestros hermanos de allende el Miño” (Murguía 1888: 55), frase na “que amosa amor

e ‘sentimento da terra’ común a unha banda e outra do noso río” (Calo/Soeiro 2017: 494). Malia ser un celtista convencido, a súa honradez científica levouno a recoñecer, tras ler a Hübner, que as estatuas de guerreiros castrexos pertencen aos “primeros tiempos del Imperio a los cuales deben ser adjudicadas sin vacilación de ningún género” (Murguía 1906: 496, nota 1). Como dixo Fraguas, “Murguía quere ser un historiador imparcial, o máis imparcial que poida e quere que se lle xugue así”, pero tamén

Murguía afirma entón que él nunca creu na imparcialidade da historia, porque o historiador é home e non pode sustraerse á influencia dos problemas do seu tempo. Desea buscar a verdade sen prevencións, e sacar dela a lección correspondente, pero sin ser frío espectador do pasado.

E máis adiante engade un editorial de Nós, que considera da autoría de Otero Pedrayo:

Murguía fíxose historiador. Foi historiador por patriotismo; polo tanto historiador apaixonado, mais non infiel, mais non disimulador da verdade [...] Foi historiador por patriotismo e como historiador o combateron, os de fora e os de eiquí, que por disgracia, sempre tiveron entre nos os alleos mercenarios gratuítos, aduladores arrastrados e serviles, e desleigados sen conciencia que dixeran co-iles (Fraguas 1979: 86 e 125).

Xa en 1844, se forman en España, por Real Decreto, Comisións Provinciais de Monumentos Históricos e Artísticos coa intención inicial da salvagarda de obras de arte e edificios que sufriran as desamortizacións. No seu traballo está tamén a base da formación dos museos provinciais, bibliotecas e arquivos, así como a promoción de escavacións arqueolóxicas. En 1898 creouse o Museo Arqueolóxico Provincial de Orense, así como o correspondente *Boletín Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos*, sendo o director Marcelo Macías, crego e tamén director do instituto, quen presidía un faladoiro –chamado despectivamente de “anticuarios”– na biblioteca da Comisión. En 1894, nace a Sociedad Arqueológica de Pontevedra, presidida por Casto Sampedro, coa finalidade de estudar e conservar o que hoxe chamamos arqueoloxía, así como arte, lingua, folclore, etnografía etc.

Contra o estendido complexo de inferioridade que leva a dicir que os investigadores galegos andaban sempre atrasados con respecto ao resto de Europa, podemos afirmar que aquí, o mesmo que entre os nosos irmáns de alén Miño, eran coñecidas e empregadas, nas derradeiras décadas do XIX e, xa no XX, entre os membros do Seminario de Estudos Galegos, as mesmas metodoloxías que fóra. En Calo (2005:

22) escribín: “Romanticismo alemán, comparativismo, evolucionismo, círculos culturais e difusionismo serán as diferentes metodoloxías actuantes nos investigadores ao longo do s. XIX e unha boa parte do s. XX”. E non só se empregaban as mesmas metodoloxías, senón que os contactos ao máis alto nivel científico eran frecuentes, aínda que, o mesmo que hoxe e sempre, reducidos a un escasísimo número de investigadores. Temos un magnífico exemplo en Federico Maciñeira, o primeiro que, en Galicia, fixo escavacións sistemáticas en xacementos arqueolóxicos, sobre todo no campo do megalitismo. Publicou, xa na derradeira década do século XIX, en revistas de gran difusión e o propio Hübner se interesou polos seus traballos. Del dixo Maciñeira que foi un científico “que tanto me impulsó a estudar la geografía antigua ortegalesa (a quien soy además deudor de un artículo crítico con el cual se dignó honrarme en sumo grado), al ocuparse en la disertación publicada en 1898 en el volumen homenaje a Kiepert” (1947: 343). En 1909, asistiu ao congreso de Arqueoloxía Prehistórica de París, trabando relación epistolar con Schulten, Salomón Reinach, Mérida, Bertrand, Rada y Delgado etc. Os contactos eran daquela abondosos e ao máis alto nivel (Calo 2016: 138-139). En Portugal coñeceu e tratou con maior ou menor intensidade a Mesquita de Figueiredo, Vieira da Silva, Consiglieri Pedroso, Gonçalves Viana e, sobre todo, a Leite de Vasconcelos. Aproveitando que este gran sabio portugués estaba en Galicia, en 1902, recollendo materiais filolóxicos para el e arqueolóxicos para Hübner, foi agasallado na Coruña por Murguía, Carré e Martínez Salazar, entre outros, pasando logo a Ferrol, onde o agardaba Maciñeira para levalo a visitar a súa terra de Santa Marta de Ortigueira (Naya 1959: 111-113). De Vasconcelos, en carta a Bouza Brey, chegou a dicir: “A él debo lo poco que significo” (Bouza-Brey 1947: 11). Moitas máis relacións foráneas tiña Maciñeira, caso da correspondencia mantida con Leeds, conservador do Ashmolean Museum de Oxford, a quen lle facilitou material gráfico dos seus traballos (Armada 2012).

En 1922, Hugo Obermaier realiza unha viaxe a Galicia. Este crego alemán, con boa formación en xeoloxía e cuaternario, vive en Madrid, durante a Gran Guerra, dando clases de primaria e secundaria e celebrando misas. Créaselle unha cátedra de Historia Primitiva del Hombre, iniciando a Escola de Madrid. Rematou en Suíza, ocupando a cátedra de Prehistoria da Universidade Católica de Friburgo. A súa bibliografía, así como as conferencias que impartiu, en 1922, no Museo de Ourense, seguidas dun texto publicado no *Boletín da Comisión* (Obermaier 1923), influirían grandemente nos investigadores de Nós e o Seminario de Estudos Galegos. Outro alemán, Adolf Schulten, traballa en España entre 1905 e 1912, introducindo o coñecemento e o interese polas fontes clásicas e a etnoloxía. O seu estudo sobre o Periplo de Avieno, así como a consideración de que o noroeste peninsular é, na 2ª Idade do Ferro, a “civilización posthallstática do centro

occidental da Península Ibérica”, o que foi aceptado sen discusión por Bosch, Martínez Santa-Olalla e García y Bellido, influiron grandemente nos arqueólogos galegos, como vemos xa no primeiro gran traballo de López Cuevillas e Bouza (1929).

Entrementres, en Barcelona funciona a escola fundada por Pedro Bosch Gimpera, que deberá abandonar a cátedra e o país para exiliarse en México desde 1939. Foi o máximo representante da Escola de Viena do Padre Schmidt en España, sendo comparada a súa *Paleoetnología...* (Bosch 1932) cos traballos de Gordon Childe, aínda que discrepando do seu *Ex Oriente lux* a prol dun occidentalismo europeo. Esta obra, reforzada pola presenza en Santiago de Pericot, influíu, sen dúbida, nos investigadores galegos, facilitándolles un bo coñecemento da metodoloxía difusionista.

Entre estes novos investigadores, brilla con luz propia Florentino López Cuevillas, quen, xunto con Otero Pedrayo e Vicente Risco, foi impulsado por Losada Diéguez a abandonar os estudos que andaba a facer sobre a Revolución Rusa (López Cuevillas 1917), e ingresar nas Irmandades da Fala, dedicándose, desde os anos vinte, a traballar intensamente no coñecemento de Galicia, primeiro dentro de Nós e, a partir de 1923, do Seminario de Estudos Galegos (SEG). Se Otero ía dedicar a maior atención á xeografía e Risco á etnografía, Cuevillas ocupárase preferentemente da arqueoloxía, se ben todos traballarían nos diferentes eidos, pois, como ben dixo Xosé Carlos Sierra,

A epistemoloxía de Nós e do SEG non pechaba de xeito estanco os campos de estudo necesarios para interpretar a realidade cultural que lles preocupaba. Outra cousa é que nesa multidisciplinidade (e non tanto interdisciplinidade) que practicaron acontecesen accións e labores que levaban a uns e a outros cara a facianas relativamente especializadas (2019: 205).

En Daniel (1994: 125) lemos: “Lo mismo que la arqueología, su ciencia colateral, la antropología, nació en las dos décadas que se encuentran entre 1850 y 1870”. É por iso que as dúas disciplinas sempre camiñaron xuntas e, como dixo Xaquín Lorenzo, discípulo e colaborador de Cuevillas, o que hoxe é etnografía mañá será arqueoloxía. Cando este discípulo e colaborador inmediato de Cuevillas nos falou da súa formación, dixo que este quería etnógrafos que fixesen traballo de campo e,

Os que logrou, claro está, formados na súa escola, foron tamén arqueólogos, deprocatándose axiña de que entre a Prehistoria e a Etnografía existen semellanzas que as convirten en auxiliares unha da outra, de un xeito especial en Galicia, de espírito conservador e arcaizante, que vive hoxe coas raíces afincadas



no pasado e que pode aínda acrarar, polo vivir actual, o segredo de moitos achádegos arqueolóxicos. E así Cuevillas xunguíu as dúas ciencias nunha e atirou desta mistura interesantes ensinamentos (Lorenzo 1957: 136).

Debo facer notar que estas verbas proceden do cariño e devoción que Lorenzo profesaba ao mestre, pero, en realidade, a fusión de etnografía e arqueoloxía era a praxe investigadora de todas as escolas que os homes de Nós e o SEG seguiron, desde o historicismo aos círculos culturais de Viena (Calo 2003: 29).

Cuevillas foi un investigador excepcional cunha bagaxe teórica, adquirida en moi pouco tempo, impresionante. Manexa as obras de Sarmiento, Leite de Vasconcelos, Sampaio, Fontes, amais dos que estaban a traballar nesa altura, como Serpa Pinto, Jalhay, Cardozo, Paço ou Santos Júnior, así como Déchélette, Cartailhac, Obermaier, Schulten, Leeds, Schuchardt, Mac White, Childe, Leisner, Breuil, Almagro, Santa Olalla, Bosch Gimpera etc. Entra en amizade con Pericot, escavan conxuntamente no castro de Troña e a relación e admiración mutua perderon toda a vida de Cuevillas, como o profesor catalán deixou dito en 1953, con motivo da súa asistencia ao III Congreso Nacional de Arqueología, celebrado en Galicia. Despois de entristecerse pola escasa saúde do amigo, dixo que subiu en coche e sen a súa compañía a San Cibrán de Las, mais non foi a Troña: “donde ambos habíamos pasado algunos de los mejores momentos que la Arqueología nos deparó. Creo que el lugar me daría ahora demasiada tristeza sin él y fallidas muchas de las ilusiones que hace treinta años sentíamos ambos” (Pericot 1959). Segundo García Martínez (1974), Pericot sentiu “admiración polos traballos do galego, que serán discutidos no Seminario de Bosch na universidade barcelonesa, así como na Sociedade Catalá de Antropoloxía”.

Podemos dicir que, con Cuevillas, a arqueoloxía galega naceu en plena madurez e incardinada nas correntes científicas da época. En canto a lecturas, amais das citadas, podería traer a Dottin, D’Arbois de Jubainville, Áberg, Hörnes, Schuchardt, Leeds, Le Rouzic, así como os coetáneos españois e portugueses. Contra o que algúns teñen dito, coñecía Cuevillas –o mesmo que para o século XIX comentei de Martins Sarmiento– moi ben todo o que se estaba a facer en Europa e merecía a pena. Non admira que Pericot dixese del que “era un excelente expositor, conocedor de las modernas teorías y afortunado excavador”. Sendo Cuevillas un verdadeiro xenio, o xefe indiscutible da nosa arqueoloxía, todos os demais (Fraguas Fraguas, Lorenzo Fernández, Ferro Couselo, Taboada Chivite etc.), en maior ou menor grao, xiraron na súa órbita ata o pasamento do mestre e mantiveron despois as súas ensinanzas, xunto co sentimento romántico da celticidade como alicerce da patria.

Don Antonio (Fraguas Fraguas), como o tratábamos os que tivemos a fortuna de recibir as súas ensinanzas e de sermos honrados coa súa amizade ao longo de moitos anos, coñeceu a Cuevillas, xunto con Risco e Otero Pedrayo, na casa de Camilo Díaz, sendo estudante de Filosofía e Letras (Historia); pero entrou en contacto fluído con eles cando foi aceptado no SEG en novembro de 1927, ingresando como socio activo o 5 de novembro de 1928. Para isto, era preceptivo presentar un traballo, optando el, entre todas as seccións que conformaban o Seminario, por un da rama de arqueoloxía: “O Castro de Soutolongo”. No curso 1926-1927 entrara en contacto con esta materia, ao ser alumno do devandito profesor Pericot. Non me retrotraio ao bacharelato, onde foi alumno de Ramón Sobrino, naturalista e especialista en insculturas rupestres, pero que, como veremos na fin, nada lles debeu falar de cuestións arqueolóxicas. Nunha entrevista que Fátima Braña lle fixo a Fraguas, en 1997, contou:

Estivo aquí de catedrático Pericot [curso 1926-1927] que foi o mellor prehistoriador que houbo en España, cando viviu foi catedrático noso, meu de Prehistoria, e daquela aprendera bastante prehistoria, paréceme que me deron *matrícula de honor*, non sei se me deron *matrícula de honor*, pero eu sabía bastante. Ademais aprendino moi ben, sabía catalogar un castro con todas as da lei e logo sabía tamén facer os debuxos (Braña 2019: 68).

Nótese o respecto de don Antonio polo profesor, pois daquela xa brillaba con moita luz desde Cataluña o mestre de Pericot, Bosch Gimpera. Na reprodución do seu expediente, feito público en González (2006: 46), vemos que, no citado curso, figura a materia de arqueoloxía (non de Prehistoria), que foi cualificada con sobresaliente.

A inclinación natural de don Antonio levouno a adscribirse á sección de Etnografía e Folclore, dirixida por Vicente Risco, participando tamén asiduamente na de Prehistoria, dirixida por López Cuevillas desde 1926 ata a desfeita do Seminario en 1936, así como na de Xeografía, dirixida por Otero Pedrayo, na de Historia, primeiro baixo a dirección de Portela Pazos, logo de Cabeza de León e a continuación de don Armando Cotarelo, e na de Arqueoloxía (na acepción que vimos en López Ferreiro) e Historia da Arte, dirixida por don Xesús Carro.

Con eles colaborou en distintos traballos de investigación e exerceu unha enorme actividade. Como el mesmo ten dito, tiña que facer de todo: desde catalogar castros ata recoller cantigas ou estudar unha ponte. Unha bolsa da *Junta para la Ampliación de Estudios* en 1928 permitiulle participar na catalogación dos

castros da zona de Lalín e tamén estivo nas campañas de arqueoloxía (Lorenzo 2000: 316).

O SEG decidiu traballar con equipos multidisciplinares, facendo o que chamaron “xeiras”: as seccións escollían unha zona, comarca ou freguesía, e todos os membros dispoñibles ían, con maior ou menor dedicación, traballar a ela. Descríbeas moi ben un dos membros fundadores, Filgueira, no limiar da edición facsimilar de *Terra de Melide* (1978: VII). Don Antonio iniciouse na xeira de “terra de Deza, comezada en 1927 e, en particular, na catalogación dos xacementos castrexos de Lalín, seguindo o consello que Florentino López Cuevillas lle deu na IV Xuntanza Xeral do Seminario que se desenvolveu en Pontevedra en abril de 1928. Froito persoal deste traballo de catalogación foi a citada lección (infelizmente perdida) de ingreso no SEG baixo o título “O Castro de Soutolongo (Lalín)” (González 2006: 48). Para a publicación dos resultados destas prospeccións, Cuevillas encomendou a Fraguas que se ocupase dos castros, a Sebastián González (grande amigo de Fraguas desde o bacharelato e futuro escavador, en 1933, dos castros de Baroña e Borneiro) do megalítico e a arte rupestre, mentres que o propio Cuevillas “escribiría encol dos achados do Monte das Cabras e do tesouro de Agolada. Os tres asinarían o traballo” (Fraguas 1968: 347). Esta obra conxunta nunca chegou a ver a luz, publicando Cuevillas, posteriormente, varios artigos sobre xacementos e materiais.

Naquel mesmo verán de 1928, desprazáronse á terra do Saviñao para encetar unha nova xeira. Desta prospección si se fixeron publicacións, o que nos permite valorar non só o tipo de traballo de campo efectuado, senón tamén o seu tratamento, así como o dos obxectos recollidos e mesmo o coñecemento que tiñan, naquela altura, dos materiais arqueolóxicos, así como da relación entre os membros que conformaban o equipo de traballo. Cuevillas, xefe da sección, era o investigador xa curtido tanto en coñecementos teóricos, bibliográficos, como no traballo de campo, desde os seus inicios en San Cibrán de Las, polo que os demais participantes, como Fraguas, o respectaban e o trataban como mestre, mais á hora de publicar os resultados, o traballo era asinado polos compoñentes do grupo en pé de igualdade. Por iso Filgueira, falando do funcionamento do SEG, deixou dito: “E, tamén, foron caíndo as muradelas da fachenda, do protagonismo, de afán polo descubrimento persoal e pola posesión escursiva do dato, negras chatas da erudición miúda. As xeiras fixeron do Seminario unha Hirmandade” (1978: VIII). Axiña publican os resultados do traballo de campo sobre o megalitismo da zona, no que non se limitan a describir e medir mámoas, senón que fan precisións e agudas observacións sobre técnicas prospectivas. Entre outras, fan notar que moitas mámoas, o mesmo que noutras zonas, están totalmente arrasadas, o que

non impide que poidan aínda conter moito espolio, como sucedeu na de Monte Albán (Rairiz) na Limia. No Saviñao, unha das de Monte Morá desapareceu, mais deixou unha pegada, un claro circular na vexetación, e por iso din que non chega coa prospección ocular, senón que hai que falar cos habitantes da zona. Estudan neste traballo os grupos de dolmens, dando conta dos que eles viron, así como daqueloutros dos que os informaron, mais tratando estes últimos cun cauto interrogante. En agosto do ano seguinte, fixeron “o eisame e mensurazón da anta de Abuime e a esporazón completa da necrópole de Monte Morá”, do que realmente trata este artigo (López/Fraguas/Lorenzana 1930).

A lectura do traballo mostra, igualmente, unha gran meticulosidade no proceso de escavación, facendo notar que o traballo de exploración das mámoas galegas é “caro, fatiguento e de cativos resultados”. A maiores, considerando que foron repetidamente saqueadas, hai que “rexistrar un por un os torróns que se erguen coa aixada, pra poder recoller os escasos restos de moblario salvados de anteriores catas i-esporexidos ô maquiarse a terra que antergamente enchía as antas”. A maioría dos arqueólogos mandan facer datacións radiocarbónicas para ter cronoloxías absolutas, mentres semellan esquecer as datas dos traballos dos investigadores que os precederon, criticándolles os métodos. Os parágrafos anteriores estannos a falar da meticulosidade e finura coa que realizaban os traballos de exploración e de escavación, considerando que os facían na década de 1920. Máis dun terzo do artigo está dedicado a consideracións e a hipóteses. Comproban que a maioría das mámoas están “nas soás dos montes e nas gándaras abertas”, aínda que fan notar que outras, como Axeitos, Cobas e Maus de Salas, foron erguidas en zonas baixas. A día de hoxe, as últimas están en zona elevada por seren trasladadas para evitar o asolagamento no encoro. Despois de pensar en visibilidades e mesmo en incidencia dos raios solares (notan que as entradas están orientadas cara ao nacente), baixan á realidade, dicindo: “Craro está que tal fenómeno pode aporse en parte, â destrución conseguinte ôs traballos agrícolas, cuíos efectos déixanse sentir con menor intensidade nas terras pouco magoadas pol-os cultivos, como son os montes e as gándaras”. Constatan que as antas grandes teñen os chantos moi superficiais, indo tan profundos nas pequenas que deixan a tampa a rentes do chan.

Ao estudar os materiais, sinalan que a mestura de cerámicas con decoración castrexa, outras romanas e outras modernas, así como o feito de ter atopado un cravo dos que se empregan para facer os carros no fondo dunha das mámoas, fixeron “imposible o fixar nin aprosimadamente camadas ou niveis”. Esta frase indica que, hai case cen anos, andaban na procura de estratigrafías, cando nos anos 70 aínda algúns dicían que nos castros eran estas inexistentes (Calo en prensa). Resulta impresionante a exhibición de coñecemento de paralelos na Península e

extrapeninsulares; examinan e comparan os materiais, como o dunha machada de serpentina verde clara, da que din que non existe na zona, sendo moi abundosa en Melide. Mencionan as cerámicas campaniformes e “dentro xa do noso circo do noroeste as do tipo Penha”. É interesante e ben baseado na documentación o que din sobre as vías de chegada a Galicia das contas de “calaíta” que atoparon nestas antas: se entraron directamente desde Bretaña ou se foi subindo desde Portugal. Conclúen, con toda cautela, levando todo ao eneolítico “aunque debamos advertir que, en Galiza e no Minho, somentes unha sepultura con mobiliario lítico, deu un obxecto de cobre”. Na fin do artigo hai unhas notas de folclore sen comentarios.

Fago, agora, uns saltos no tempo para que se vexa como Fraguas non funcionaba con ideas fixas, senón que estaba disposto a rectificar ante evidencias ou novos coñecementos. En 1950, trasladouse a Lugo para ocupar a cátedra de Xeografía e Historia de Ensino Secundario. Fará alí prospeccións arqueolóxicas cos seus alumnos e amigos, publicando uns “apuntes” sobre mámoas nos arredores da cidade, ás que dedicou un artigo periodístico (Fraguas 1957). Nunha mámoa á beira da estrada de Santiago (km 515, hm 8), amais de cerámica lisa, atopou un fragmento decorado que ilustrou cun debuxo na fig. 3. Coida que é castrexa e volve sobre a idea da publicación de 1930, xulgando “que descubre una vez más la presencia de los habitantes del castro en los monumentos dolménicos” (Fraguas 1953: 146). En 1962, volvendo sobre o tema que viña arrastrando desde o traballo do Sabiñao, fala da mámoa e mesmo chega a rectificar, cando di: “En ella encontramos un trozo de cerámica que estimábamos, por su decoración y pobreza, de la cultura castreña, pero acaso sea más exacto situarla en el tipo campaniforme” (Fraguas 1962a: 349). Os grosos grans de cuarzo da pasta, dos que falaba no anterior traballo, non eran precisamente indicativos de pertencer á cultura castrexa.

Noutro breve artigo, no que describe as antas dunha necrópole en Vilareda (Palas de Rei), dá novas dun petróglifo (que non ilustra) con círculos e unha cauda rematada nun rectángulo que os seus compañeiros de “excursión” (a verba é del), Losada e Seijas, atoparon (Fraguas 1955a). Noutro artigo, no mesmo volume, dá conta de dous novos petróglifos, neste caso no monte Pedreira, base do castro de Carballedo (Cotobade). Tan só os describe, achegando, agora si, os correspondentes debuxos, e indicando que están próximos aos que publica Sobrino no *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae* (Fraguas 1955b). Nesta súa etapa de profesor en Lugo, fixo tamén dúas breves recensións (Fraguas 1952 e 1954-55).

Retrocedemos agora a outra importante xeira que o SEG fixo na terra de Melide, nos meses de xuño, agosto e setembro de 1929. Participaron moitos membros do Seminario, botando Fraguas os tres meses, o mesmo que Taboada Roca, de quen partiu a idea de facer o estudo. Catalogáronse os castros por medio

de papeletas, unha por castro, nas que constaba emprazamento, esbozo, defensas, medidas, particularidades observadas, folclore e bibliografía, mais unhas consideracións arqueolóxicas e folclóricas. O apartado teórico de Prehistoria é, obviamente, de Cuevillas, participando Fraguas na catalogación de 21 dos 39 xacementos castrexos rexistrados, ao tempo que “xoga un papel especial na recadística do folclore encol dos xacementos, que conforma un dos mellores repertorios do lendario castrexo” (García 2006: 212). Colaborou tamén na catalogación dalgunhas igrexas. O resultado destes intensísimos traballos foi a edición, en 1933, dun libro esencial no labor do Seminario: *Terra de Melide*.

Entre 1933 e 1936, foi profesor e secretario do Instituto da Estrada. Amais de ás súas clases, dedicouse a facer traballo de campo co alumnado (catalogacións, catas e mesmo escavacións de xacementos castrexos), recollendo materiais e montando con eles un “museo de historia” no propio centro, coa idea de incentivalos na investigación. No 36 a Guerra rematou con todo iso, sendo Fraguas represaliado e expulsado da docencia. Ao ver o que estaba a acontecer aos seus amigos e conmlitóns na loita a prol do Estatuto de Autonomía de Galicia, amais das graves ameazas na súa casa natal de Insuela de Loureiro de Cotobade, teme que, como moi pouco, a súa vida investigadora rematara, decidindo entregar ao seu amigo e xuíz nesa vila da Estrada, Fermín Bouza Brey, todo o traballo de campo que alí fixera. Anos despois, este publicouno nun longo artigo (Bouza 1944), feito que, podo aseguralo, porque así mo confesou don Antonio, lle doue moito. Cousa diferente foi a publicación dun asubío pétreo que, anos antes, don Antonio lle pasara para que o dese el a coñecer (Bouza 1935). Curiosamente, Fraguas publicará, moitos anos despois, outro asubío atopado, de xeito casual, nun predio do lugar de “Os Nogales” (Fraguas 1971). No Museo do Pobo Galego obran 88 pezas, a maioría fragmentos cerámicos, produto daqueles traballos de Fraguas cos seus alumnos (Rey/Rodríguez 2001: 146).

Da xeira do Saviñao só se publicaran as mámoas, tendo que agardar 25 anos ata que o estudo dos castros puido ver a luz (López/Fraguas 1955). Hai correspondencia de don Antonio na que presume que esta publicación seguirá a ir con atraso (Calo 2019: 33, nota 9), recoñecendo logo, no texto, que a demora “nos ha beneficiado notablemente”, porque don Ramón Castro López, crego en Vilar de Ortelle, lles facilitou novas da freguesía e da comarca. Foi publicado aproveitando que o III Congreso Nacional de Arqueología se celebrou en Santiago en 1953, xusto o mesmo ano en que viu a luz a grande obra de Cuevillas *La civilización céltica en Galicia*. A madurez e calidade do mestre, xa rematando a súa vida, tiña, necesariamente, que se notar nesta obra conxunta, se ben a súa base estaba elaborada hai agora (2019) máis de setenta anos, o que non deixa de sorprendernos, pois estamos diante dunha investigación de moi grande altura e modernidade.

Inician o texto cunha ampla introdución xeográfica, xeolóxica e hidrográfica e dividen o territorio a estudar en Montaña, Media Montaña e Ribeira do Miño; ocúpense dos cultivos, da demografía, das freguesías, dos tipos construtivos e da ocupación monástica desta Ribeira Sacra. Catalogan trinta castros seguros e dous máis posibles que sitúan nas tres zonas citadas, relacionándoos coas freguesías de cada unha delas e coa respectiva extensión en km<sup>2</sup>, podendo comprobar que a poboación castrexa estaba distribuída dun xeito semellante ao actual, se ben hoxe hai un desprazamento cara á Ribeira, o que explican pola ocupación monástica, primeiro eremítica, xa desde os séculos VI, V e quizais IV. Tratan da toponimia e da colocación dos castros no territorio, comparándoa coa doutras zonas, ofrecen as medidas dos xacementos e fan un cálculo do posible número de habitantes, que eles consideran que podería ser duns 10 200, “algo más de la mitad de la población actual”. Prestan atención ás captacións de auga e ás posibles prácticas funerarias, seguindo a idea da época, xa desde Sarmento, de que os fornos de Briteiros cumprían a función de incinerar os cadáveres. Foi, precisamente, nese mesmo volume do Congreso onde Conde-Valvís (1955) asegurou, con moi bo criterio, que o de Armeá era unha sauna. Tempo despois, Ferreira de Almeida (1974), curiosamente tamén no III Congreso Nacional de Arqueología, mais neste caso de Portugal, daría unha datación precisa da do castro de San Fins. Comentan a ausencia de achados do Bronce, así como a escaseza de restos romanos atopados, falan do pobo (os lenavos) ao que pertencía aquela xente, comparan as lendas recollidas coa mitoloxía popular xermánica e rematan con 31 debuxos de plantas, alzados e un sartego e cinco fotos.

Tempo despois, Fraguas publica os castros da comarca lucense comprendidos nun radio dunhas dúas leguas, tomando como centro a capital, castros que percorreu “con los alumnos del Instituto en lección práctica”. É un mero traballo descritivo, sen análise xeral nin conclusións (Fraguas 1962b).

Unha publicación que don Antonio fixo sobre Cuevillas destila todo o enorme respecto e admiración que sempre tivo polo mestre. Neste meu artigo deixei caer que os traballos que asinaron xuntos pertencían, para todos os efectos, aos dous por igual; pero ninguén ignora que a arqueoloxía foi para el algo moi secundario con respecto á etnografía e ao folclore, dedicándose con intensidade a ela unicamente no breve tempo das “xeiras” do SEG, mentres que Cuevillas foi o xenial arqueólogo que tivo Galicia. O discípulo, amais da súa humildade natural, era moi consciente disto e, no devandito traballo, deixou dito: “o meu nome figura ó lado do seu nos traballos que realizamos no Saviñao. Fago esta cita sin vanidade pero con profundo agradecimento” (Fraguas 1986). Coa derradeira publicación, aínda en vida, semella que está a pechar un círculo; é unha breve nota periodística na que lembra os seus inicios no Saviñao, nota que remata cun poema de Manuel

María dedicado a esa terra (Fraguas 1999). E xa a definitiva e póstuma é o prólogo da edición facsimilar do *Corpus* de Sobrino. Lembra aí as súas clases no Instituto de Pontevedra e as camiñadas con el polos montes na procura de minerais, sen mencionar que lles tivese falado de nada relacionado coa arqueoloxía. Cita tamén a relación que Sobrino tiña con Cerviño, secretario do concello de Cotobade e bo coñecedor de petróglifos, e destaca os arredores de Marín, “eloxiados por prehistoriadores como D. Luís Pericot e Hugo Obermaier”. Aproveita para dicir que Pericot lles ensinou na facultade que, para lles dar vida ás figuras dos petróglifos para as fotografías, “o mellor é pór area na figura” (Fraguas 2000).

Foi a de don Antonio unha vida frutífera, mesmo no eido da prehistoria, aínda que, como é ben sabido, non fose ela o seu principal interese investigador.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Almeida, Carlos Alberto Ferreira de (1974): “O monumento con forno de Sanfins e as escavações de 1973”, en *Actas do III Congresso Nacional de Arqueologia*. Porto: Ministério de Educação, vol. I, 149-172.
- Armada, Xosé Lois (2012): “E. T. Leeds escribe a F. Maciñeira: notas sobre os vencillos galegos dun arqueólogo británico”, *Adra* 7, 83-96.
- Beramendi, Justo (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Bosch Gimpera, Pedro (1932): *Etnología de la Península Ibérica*. Barcelona: Alpha.
- Bouza-Brey Trillo, Fermín (1935): “A propósito de un objeto lítico del castro de Ribela”, *Boletín de la Real Academia Gallega* 258, 137-140.
- (1944): “Castros de la comarca de la Estrada”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* I, 7-38.
- (1947): “Prólogo”, en Maciñeira 1947: [9]-17.
- Braña Rey, Fátima (2019): “Testemuña e custodio do patrimonio cultural galego. Entrevista con Antonio Fraguas”, en Nieves Herrero e María Xesús Nogueira (eds.), *Antonio Fraguas. A cultura como forma de vida*. Santiago de Compostela: Universidade, 60-75.
- Calo Lourido, Francisco (1991): *A plástica da cultura castrexa galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento.
- (1993): *A cultura castrexa*. Vigo: A Nosa Terra.
- (1994): *A plástica da cultura castrexa galego-portuguesa*. 2 tomos. Catalogación Arqueolóxica y Artística de Galicia. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.



- (2003): “Evocación e encadramento cultural de D. Xaquín”, *Boletín Auriense* XXXIII, 9-35.
- (2016): “E os da banda d’alá son máis estranxeiros que os de Madrí?”, *Portugalia* 37, 131-147.
- (2019): “A arqueoloxía nos traballos de don Antonio Fraguas”, *Raigame* 43, 28-35.
- (en prensa): “A cultura castrexa desde Guimarães (1980) ata Santa Maria da Feira (2018)”, en *Congreso Internacional Cultura Castrexa. Identidade e transicións*. Santa Maria da Feira: Cámara municipal.
- Calo Lourido, Francisco e Teresa Soeiro (2017): “En demanda das raíces. A arqueoloxía do Noroeste Peninsular nas primeiras décadas do século XX”, en Justo Beramendi *et al.* (eds.), *Repensar Galicia. As Irmandades da Fala*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Museo do Pobo Galego, 491-508.
- Cardozo, Mário (1930): *Citânia e Sabroso. Notícia Descritiva*. Guimarães: Sociedade Martins Sarmiento.
- (1947): *Correspondencia epistolar entre Emílio Hübnner e Martins Sarmiento (Arqueología e epigrafía) 1879-1899*. Guimarães: Sociedade Martins Sarmiento.
- Cartailhac, Émile (1886): *Les âges préhistoriques de l’Espagne et du Portugal*. Paris: Ch. Reinwald.
- Conde-Valvís Fernández, Francisco (1955): “Las termas romanas de la «cibdá» de Arnea, en Santa María de Aguas Santas”, en *III Congreso Nacional de Arqueología. Galicia 1953*. Zaragoza: Institución Fernando el Católico, C.S.I.C., 432-446.
- Daniel, Glyn (1994): *Historia de la arqueología. De los anticuarios a V. Gordon Childe*. Madrid: Alianza.
- Filgueira Valverde, Xosé (1978): “Limiar da segunda edición”, en *Terra de Melide*. Sada: Edicións do Castro, VII-XI. Ed. facsimilar.
- Fraguas Fraguas, Antonio (1927): “Compostela al día. Un artista olvidado: Uxío Souto”, *El Pueblo Gallego* 8/X/1927, 9.
- (1929): “Un serán na catedral”, *A Nosa Terra* 261, 9-10.
- (1933): “Domingo de Ramos na aldea”, *Cristal* 10, 23.
- (1935): “Nos cantamos?”, *Logos* 47, 95-96.
- (1952): “Ferro Couselo, Jesús: *Los petroglifos de término y las insculturas rupestres de Galicia*. Orense, Talleres Graf. de Miguel López. 1952. 266 pág. + 3 hoj. [Recensión]”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 5 (37-38), 127.
- (1953): “Apuntes sobre mámoas lucenses”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* VIII, 142-146.
- (1954-1955): “Vázquez Saco, Francisco y Vázquez Seijas, Manuel: Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Instituto Padre Sarmiento

- de Estudios Gallegos. – *Inscripciones romanas de Galicia, II, provincia de Lugo*. Santiago, 1954. – 157 páginas + 2 hojas + 10 hojas de láminas [Recensión]”. *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 6 (41-44), 106-107.
- (1955a): “Grupo dolménico de Monte Orgoso”, en *III Congreso Nacional de Arqueología. Galicia 1953*. Zaragoza: Institución Fernando el Católico, C.S.I.C., 409-410.
- (1955b): “Petroglifos del monte Pedreira en Carballedo (Pontevedra)”, en *III Congreso Nacional de Arqueología. Galicia 1953*. Zaragoza: Institución Fernando el Católico, C.S.I.C., 411-412.
- (1957): “Las murallas de Lugo”, *El Ideal Gallego* 23/VI/57.
- (1962a): “Restos dolménicos próximos a la ciudad de Lugo”, en *Homenaje al Profesor Cayetano de Mergelina*. Murcia: Universidad, 343-360.
- (1962b): “Castros de la comarca lucense”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* XVII, 307-328.
- (1968): “Sebastián González García-Paz: notas da súa vida e de seu tempo”, *Grial* 21, 334-357.
- (1971): “Un silbato de piedra y otros objetos”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXVI, 117-119.
- (1979): *Manuel Murguía, o Patriarca*. Hombres que hicieron Galicia. Vigo: Banco do Noroeste.
- (1986): “Don Florentino López Alonso Cuevillas”, *Outeiro* 23, 61-63.
- (1999): “Ó lado de Don Juan López Suárez. Visita á comarca do Saviñao”, *O Correo Galego* 31/X/1999.
- (2000): “Prólogo”, en Ramón Sobrino Buhigas, *Corpus Petroglyphorum Gallaecia*. Sada: Edición do Castro, XI-XII. Ed. facsimilar e traducida.
- García Martínez, Carlos (2006): “Na rodeira do Seminario de Estudos Galegos”, en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre “por e pra Galicia”*. Ofrenda no seu Centenario. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 196-223.
- (1974): “López Cuevillas, Florentino”, en Ramón Otero Pedrayo (dir.), *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago de Compostela: Silverio Cañadas, t. 19, 141-147.
- González Pérez, Clodio (2006): “Antonio Fraguas Fraguas. Vida e obra (1905-1999)”, en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre “por e pra Galicia”*. Ofrenda no seu Centenario. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 24-89.

- Hübner, Emil (1861): “Statuen galläkischer Krieger in Portugal und Galicien”, *Denkmäler und Forschunguen. Archäologische Zeitung* 154, 186-195.
- (1869): *Inscriptiones Hispaniae Latinae*. Corpus Inscriptionum Latinarum, II. Berlín: Reimer.
- (1879): *Citânia*. Archeologia Artística V. Porto: Imp. Litterario-Comercial. [Tradución ao portugués en Sarmento 1933: 448-462].
- (1892): *Inscriptionvm Hispaniae Latinarvm. Svpplmentvm*. Corpus inscriptionvm latinarvm II. Sup. [Berlín]: Georgivm Reimervm.
- López Cuevillas, Florentino (1917): “Rusia y su revolución”, *La Centuria. Revista Neosófica* 1, 12-14; 2, 14-17; 6, 11-15.
- López Cuevillas, Florentino e Fermín Bouza-Brey (1929): *Os Oestrimnios, os Saefes e a ofiolatría en Galiza*. A Cruña: Nós.
- López Cuevillas, Florentino e Antonio Fraguas Fraguas (1955): “Los castros de la tierra de Saviñao”, en *III Congreso Nacional de Arqueología. Galicia 1953*. Zaragoza: Institución Fernando el Católico, C.S.I.C., 273-333 + láminas.
- López Cuevillas, Florentino, Antonio Fraguas Fraguas e Pura Lorenzana (1930): “Mámoas do Saviñao. A anta de Abuime e a necrópole de Monte da Morá”, *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* V, 67-90.
- López Ferreiro, Antonio (1889): *Lecciones de Arqueología Sagrada*. Santiago de Compostela: Seminario Conciliar Central Compostelano.
- Lorenzo, Ramón (2000): “Antonio Fraguas Fraguas”, *Boletín da Real Academia Galega* 361, 316-324.
- Lorenzo Fernández, Xaquín (1957): “Cuevillas etnógrafo”, en *Homaxe dos amigos e discípulos do Petrucio da Prehistoria galega Florentino L.A. Cuevillas no LXX aniversario do seu nacimiento*. Vigo: Galaxia, 134-[138].
- Maciñeira y Pardo de Lama, Federico (1947): *Bares. Puerto hispánico de la primitiva navegación occidental*. Santiago de Compostela: IPSEG-CSIC. Edición de Fermín Bouza-Brey.
- Murguía, Manuel (1888): *España. Sus monumentos y artes – Su naturaleza é historia. Galicia*. Barcelona: Establecimiento Tipográfico-Editorial de Daniel Cortezo y C.<sup>a</sup>.
- Murguía, Manuel (1906): *Historia de Galicia por Manuel Murguía. 2ª edición: Impresa á costa de “El Centro Gallego” de la Habana. Tomo Segundo*. Coruña: Librería de Don Eugenio Carré. [Ilustración IV: E. Hübner, “Estatuas de guerreros gallegos en Portugal y Galicia”, 617-627].
- Naya Pérez, Juan (1959): “Recuerdo de la visita a La Coruña del sabio lusitano Don José Leite de Vasconcelos”, en *Actas do Colóquio de Estudos Etnográficos Dr Leite de Vasconcelos*. Porto: [s.n.], vol. 1, 111-113.

- Obermaier, Hugo (1923): “Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* 7 (148), 1-21; 7 (149), 25-47.
- Pericot, Luís (1959-1960): “Algunos recuerdos personales de Cuevillas”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* 20 (1-4), 45-48.
- Rey Castiñeira, Josefa e Manuel Rodríguez Calviño (2001): “Novas imaxes da arqueoloxía castrexa estradense a través das coleccións Bouza-Brey e Fraguas Fraguas do Museo do Pobo Galego”, *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* 4, 141-167.
- Risco, Vicente (1984 [1934]): *Mitteleuropa*. Vigo: Galaxia.
- Sarmiento, Francisco Martins (1933): *Dispersos. Colectânea de artigos publicados, desde 1876 a 1899, sobre arqueologia, etnologia, mitologia, epigrafía e arte pre-histórica. Obra comemorativa do 1º Centenário do nascimento do Autor, ilustrada com 71 gravuras e realizada sob os auspícios da Sociedade Martins Sarmiento*. Coimbra: Imprensa da Universidade.
- Sierra Rodríguez, Xosé Carlos (2019): “Don Antonio Fraguas, referente intelectual e moral dos estudos etnofolclóricos en Galicia”, en Nieves Herrero e María Xesús Nogueira (eds.), *Antonio Fraguas. A cultura como forma de vida*. Santiago de Compostela: Universidade, 203-242.